

PROGRAMA DE ACTOS**DÍA DA CULTURA CHAIREGA****NO XII CABODANO DO PASAMENTO DE MANUEL MARÍA****Banda de Música de Vilalba, Coral Polifónica Vilalbesa e Recital poético-musical****9 de setembro de 2016 20:30 H****NO AUDITORIO MUNICIPAL DE VILALBA**

Como cada mes de setembro por estas datas, e dende hai xa doce anos, o Instituto de Estudos Chairegos-IESCHA, organiza un acto que, coa denominación xenérica de **Día da Cultura Chairega**, pretende lembrar ao noso gran poeta **MANUEL MARÍA**, do que se cumpren doce anos do seu falecemento. Dende a primeira edición, teñen pasado grupos e cantantes tan senlleiros como Milladoiro, A Quenlla, Vichelocrego, Xarín, Buxos Verdes, Uxía ou Os D'Abaixo; proxectado películas coma a do chairego Jorge Coira, "18 Comidas"; realizado recitais poéticos ou dramatizacións de obras de Manuel María; conferencias, mesas redondas, presentacións de libros, etc. Este ano 2016, o Iescha invita a todas as persoas interesadas a asistir ao acto de homenaxe que terá lugar o vindeiro venres día 9 de setembro, ás 20:30 horas, no Auditorio Municipal de Vilalba, con entrada totalmente **libre e gratuíta** e que está conformado polas seguintes actuacións:

-Banda da Música de Vilalba**-Coral Polifónica Vilalbesa****-Recital poético "Lembrando a Manuel María", co acompañamento ao piano a cargo de AURELIO CHAO FERNÁNDEZ.**

Os recitadores e as recitadoras e mais os **poemas** de Manuel María, que irán intercalándose ao logo do acto, son:

- *Francisco Xosé Roca*: **Galiza**
- *Estrella Naseiro*: **Xogos**
- *Martiño Maseda*: **Madrigal a Vilalba**
- *Mari Carmen Gómez*: **A Virxe dos Milagres de Saavedra**
- *Alfonso Baamonde*: **Pranto por Xosé Luis García Mato**
- *Marisa Barreiro*: **Derradeira homenaxe a Carmiña Prieto Rouco**
- *Manuel C. Santamariña*: **A Fala**
- *Tino Alvite*: **Elexía nº 5**
- *Ainé Novo*: **O Cuco**

A presentación do acto correrá a cargo de **MANUEL ROCA CENDÁN**